

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 8 de maio 2006 pola que se convoca concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos copos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios, para cubrir postos de profesores en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Advertidos erros na referida orde, publicada no DOG nº 92, do 15 de maio, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 7.751, onde di: «5.5. Hospital Provincial de Pontevedra, 1 praza de mestres/as.

-Requisitos: especialista en pedagogía terapéutica. Competencia como asesor ...».

Debe dicir: «Requisitos: competencia como asesor e traballo en equipo co persoal do centro hospitalario. Cursos relacionados coa saúde.

-Mérito preferente: especialista en pedagogía terapéutica».

Na mesma páxina, onde di: «* Nº do posto: 8.

8.1. A Coruña: 1 posto.

8.2. Lugo: 1 posto.

Prazas: 2 prazas para mestres/as».

Debe dicir: «Nº de posto: 8.

8.1. A Coruña: 1 posto.

8.2. Lugo: 2 postos.

Prazas: 3 prazas para mestres/as».

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 15 de maio de 2006 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo vacantes nesta consellería.

En uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, varios postos de traballo que se relacionan no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer todos/as os/as funcionarios/as que reúnan os requisitos que se exigen e que se especifican no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar na convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos (edificio administrativo de San Caetano nº 5, Santiago de Compostela), nas súas delegacións territoriais ou nas oficinas sinaladas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. O modelo de solicitude publícase no anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán xuntarlle á súa solicitude un *currículum vitae* e xustificar, mediante certificación ou copia compulsada, os méritos que aleguen.

Quinto.-O nomeamento dos/as funcionarios/as con destino definitivo noutra Administración pública ou que presten os seus servizos na Comunidade Autónoma de Galicia como consecuencia dunha comisión de servizos concedida conforme o disposto na disposición transitoria oitava, punto 4º, da Lei 30/1984, do 2 de agosto, que resultase seleccionado para ocupar o posto de traballo anunciado, estará condicionado a que a súa Administración emita informe favorable, conforme o previsto no Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e demais disposicións concordantes.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no DOG e poderá declararse deserto o posto de traballo de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días, se o destino anterior está na mesma localidade do novo, e dun mes se está en localidade distinta ou comporta reingreso ao servizo activo. O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución, agás no caso de procedencia doutras administracións, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao da comunicación da resolución de traslado á Comunidade Autónoma de Galicia. Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, perante a conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro,